



---

A Coruña, venres 13 de novembro 2020

Queridas familias:

Como todos os anos, estamos a preparar a Festa da Nena María.

Ante a nova realidade que estamos a vivir, debemos celebrala dunha maneira diferente, pero coa mesma motivación e emoción que todos os anos.

Como centro, tivemos coñecemento da gran necesidade que hai nas existencias do Banco de Alimentos e non queremos manternos á marxe.

Propoñémosvos que o venres 20 sexa tamén un día solidario. Organizamos co Banco de Alimentos unha recollida de comida con absoluta seguridade.

Varios voluntarios pertencentes á Comunidade Educativa estarán situados na beirarrúa do colexio e iranvos dicindo cara a onde tedes que dirixirvos para entregar a bolsa de alimentos.

A hora de entrada, será a de sempre, para facilitarvos a conciliación e a posibilidade de vir con calma a colaborar con esta campaña.

Dámosvos, de antemán, o noso máis sincero agradecemento por toda a participación, que sabemos que será como sempre, desde o corazón.

Un agarimoso saúdo.

A Comunidade Educativa.